

# Enquisa de poboación activa (EPA)

Datos correspondentes ao primeiro trimestre de 2024

Resumo de resultados 26/04/2024

## ÍNDICE

Introdución .....	1
Poboación activa .....	2
Poboación ocupada .....	3
Poboación asalariada .....	5
Poboación parada .....	6
Fogares .....	7
Poboación xuvenil .....	8
Grandes concellos .....	10
Definicións, fontes e máis información .....	11

## Introdución

A [Enquisa de poboación activa \(EPA\)](#) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida aos fogares que o [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#) realiza dende 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o [Instituto Galego de Estatística \(IGE\)](#) para a duplicación da mostra no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación galega en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento. Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase á operación a mostra adicional recollida polo IGE, utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

A finalidade principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (poboación ocupada, parada, activa e inactiva) e a obter clasificacións destas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas de resultados.

A EPA incorporou as cifras do Censo de poboación e vivendas do INE de 2021 ás súas estimacións dos anos 2021 en diante. Para máis información consultar a seguinte [ligazón](#).

## Poboación activa

No primeiro trimestre de 2024 a poboación galega de 16 ou máis anos situouse en 2.368.000 persoas, das cales 1.259.300 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 53,2%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos e de activas aumenta en 8.500 persoas e a taxa de actividade aumenta 0,3 puntos respecto ao cuarto trimestre de 2023.

### Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	2.368,0	3,6	0,2	14,4	0,6
Activos	1.259,3	8,5	0,7	21,0	1,7
Poboación ocupada	1.127,7	-8,2	-0,7	24,4	2,2
Poboación parada	131,6	16,7	14,5	-3,4	-2,5
Inactivos	1.108,7	-4,9	-0,4	-6,6	-0,6

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Con respecto ao mesmo trimestre de 2023, o número de persoas activas aumenta en 21.000 persoas e a taxa de actividade aumenta 0,6 puntos porcentuais.

### Taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
Total	53,2	0,3	0,6
Homes	57,5	0,4	0,9
Mulleres	49,3	0,2	0,3

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Por sexo, a taxa de actividade masculina aumenta 0,4 puntos respecto á cifra rexistrada hai 3 meses, situándose no 57,5%. A taxa de actividade feminina, pola súa banda, rexistra unha variación positiva cifrada en 0,2 puntos, ata situarse no 49,3%.

## Poboación activa segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	1.259,3	8,5	0,7	21,0	1,7
Homes	647,7	5,0	0,8	11,5	1,8
Mulleres	611,6	3,5	0,6	9,6	1,6

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

## Poboación ocupada

A ocupación diminúe en 8.200 persoas no primeiro trimestre de 2024 respecto á cifra do trimestre anterior e sitúase en 1.127.700 persoas ocupadas. A taxa de ocupación tamén diminúe con respecto ao trimestre pasado e sitúase no 47,6 %.

Nos últimos doce meses o número de ocupados e de ocupadas aumentou en 24.400 persoas, o que supón un incremento do 2,2 % en termos relativos.

## Taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
Total	47,6	-0,4	0,7
Homes	51,7	-0,6	0,8
Mulleres	43,9	-0,3	0,7

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Por sexo, neste trimestre diminuíu tanto a ocupación masculina como a feminina: o número de ocupados varóns diminúe en 6.000 persoas respecto ao cuarto trimestre do ano 2023; a ocupación das mulleres, pola súa banda, rexistrou unha diminución de 2.200 persoas. En termos de taxas, isto tradúcese nunha diminución da taxa de ocupación masculina de 0,6 puntos e dunha diminución da taxa feminina en 0,3 puntos con respecto ao trimestre pasado.

Con respecto ao primeiro trimestre do ano 2023, o número de homes ocupados aumenta en 10.800 persoas (un 1,9 %), mentres que o de mulleres ocupadas aumentou nun 2,6 %.

### Poboación ocupada segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	1.127,7	-8,2	-0,7	24,4	2,2
Homes	582,9	-6,0	-1,0	10,8	1,9
Mulleres	544,8	-2,2	-0,4	13,6	2,6

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE-2009), o número de persoas ocupadas neste trimestre diminuíu na industria e no sector servizos, pero aumentou no sector primario e na construción. Na agricultura e pesca, o incremento da poboación ocupada cifrouse en 400 traballadores e traballadoras máis que hai 3 meses. Na construción a ocupación aumenta en 3.300 persoas respecto ao trimestre anterior. O sector servizos foi o que rexistrou o maior descenso, con 11.600 persoas menos. Na industria a ocupación diminuíu en 200 persoas.

Con respecto ao mesmo trimestre de 2023, a ocupación aumentou en todos os sectores: no sector primario, un 7,9 %; na industria, un 7,5 %; na construción, 3,6 %; e no sector servizos, un 0,5 %.

### Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	1.127,7	-8,2	-0,7	24,4	2,2
Agricultura e pesca	74,9	0,4	0,5	5,5	7,9
Industria	173,8	-0,2	-0,1	12,2	7,5
Construción	80,4	3,3	4,3	2,8	3,6
Servizos	798,7	-11,6	-1,4	4,0	0,5

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

## Poboación asalariada

En Galicia había 919.200 persoas asalariadas no primeiro trimestre de 2024, 778.700 con contrato indefinido e os 140.500 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior rexístranse 9.900 asalariados e asalariadas máis con contrato indefinido. O número de persoas suxeitas a un contrato temporal diminúe, pola contra, en 11.000 efectivos (o que supón, en termos relativos, unha baixada do 7,3 % con respecto ao cuarto trimestre de 2023). No que respecta á variación interanual, a cifra de persoas con contrato indefinido aumentou un 4,4 %, e as persoas con contrato temporal diminuíron, pola contra, un 4,7 %.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de persoas con contrato temporal sobre o total de asalariados e asalariadas, sitúase no 15,3 %.

### Poboación asalariada segundo o tipo de contrato. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	919,2	-1,1	-0,1	25,7	2,9
De duración indefinida	778,7	9,9	1,3	32,6	4,4
Temporal	140,5	-11,0	-7,3	-6,9	-4,7

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

## Poboación parada

No primeiro trimestre de 2024 en Galicia había 131.600 persoas en paro, 16.700 máis que no trimestre anterior. A taxa de paro aumentou 1,3 puntos e sitúase no 10,5 %.

Con respecto ao primeiro trimestre do ano 2023, o número de parados e paradas diminúe en 3.400 persoas (un 2,5 %) e a taxa de paro, a súa vez, decrece 0,4 puntos en termos interanuais.

### Taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
Total	10,5	1,3	-0,4
Homes	10,0	1,6	-0,1
Mulleres	10,9	0,9	-0,9

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Por sexo, con respecto ao trimestre anterior, aumenta tanto o paro masculino coma o feminino: o número total de homes parados sitúase en 64.800 persoas (11.000 máis que hai tres meses) e o de mulleres é de 66.800 persoas (5.700 mulleres paradas máis). Ambas as dúas taxas de paro, tanto a masculina coma a feminina, incrementáronse, situándose a primeira no 10 % e a segunda no 10,9 %.

No tocante á variación interanual, o número de parados entre o sexo masculino aumenta en 700 persoas (un 1,1 % máis), mentres que o volume de paradas diminúe en 4.100 persoas (un 5,8 % menos que hai un ano).

### Poboación parada segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	131,6	16,7	14,5	-3,4	-2,5
Homes	64,8	11,0	20,4	0,7	1,1
Mulleres	66,8	5,7	9,3	-4,1	-5,8

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

## Fogares

No primeiro trimestre de 2024, o número de fogares nos que todos os seus membros activos están en paro aumenta en 3.300 unidades e sitúase en 49.900 fogares. Respecto ao primeiro trimestre de 2023, esta tipoloxía de fogares diminúe un 12,1%.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados diminúe en 10.500 unidades. O número de fogares nesta situación é de 649.400. En relación co mesmo trimestre do ano anterior hai 14.400 fogares máis nesta situación, o que supón un incremento do 2,3 % en termos relativos.

### Fogares segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de fogares, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	1.127,1	1,8	0,2	10,0	0,9
Fogares con polo menos un activo	769,0	3,8	0,5	9,1	1,2
Todos os activos son ocupados	649,4	-10,5	-1,6	14,4	2,3
Todos os activos son parados	49,9	3,3	7,1	-6,9	-12,1
Con ocupados e parados	69,7	11,0	18,7	1,5	2,2
Fogares nos que non hai ningún activo	358,1	-2,0	-0,6	0,9	0,3

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

## Poboación xuvenil

Dos 329.900 mozos e mozas galegas de entre 16 e 29 anos, 123.700 (o 37,5 %) están ocupados/as, 35.500 (o 10,8 %) parados/as e os 170.700 (o 51,7 %) restantes son inactivos.

### Poboación de 16 a 29 anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	329,9	2,2	0,7	7,4	2,3
Activos	159,2	5,1	3,3	10,3	6,9
Poboación ocupada	123,7	-5,0	-3,9	3,4	2,8
Poboación parada	35,5	10,1	39,8	6,8	23,7
Parados que buscan primeiro emprego	10,0	3,9	63,9	1,9	23,5
Parados que xa traballaron	25,5	6,2	32,1	5,0	24,4
Inactivos	170,7	-2,9	-1,7	-2,8	-1,6

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 37,5 % no primeiro trimestre de 2024. Con respecto ao trimestre anterior diminúe 1,8 puntos; con respecto ao mesmo trimestre do ano 2023 aumenta 0,2 puntos.

A taxa de paro xuvenil sitúase no 22,3 % neste trimestre; aumenta 5,8 puntos respecto ao trimestre anterior. En comparación co primeiro trimestre de 2023, aumenta 3 puntos.

### Taxas de actividade, ocupación e paro da poboación de 16 a 29 anos. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
Taxa de actividade	48,3	1,3	2,1
Taxa de ocupación	37,5	-1,8	0,2
Taxa de paro	22,3	5,8	3,0

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))



No primeiro trimestre de 2024, o 73,2 % dos ocupados e das ocupadas de entre 16 e 29 anos traballa a xornada completa. Con respecto ao cuarto trimestre de 2023, a cifra de ocupados a xornada completa baixa un 0,7 %. A cifra de mozos e mozas ocupadas a xornada parcial tamén diminúe neste trimestre; en concreto, baixa en 4.400 persoas. Con respecto ao primeiro trimestre de 2023, aumenta tanto a ocupación xuvenil que traballa a xornada completa (en 2.800 persoas), como a ocupación a xornada parcial (en 600 persoas).

### Poboación ocupada de 16 a 29 anos segundo o tipo de xornada. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	123,7	-5,0	-3,9	3,4	2,8
Completa	90,6	-0,6	-0,7	2,8	3,2
Parcial	33,1	-4,4	-11,7	0,6	1,8

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Dos 113.700 asalariados e asalariadas existentes neste trimestre de entre 16 e 29 anos, o 68,4 % está vinculado á empresa por medio dun contrato indefinido. O número de mozos e mozas con contrato indefinido aumenta un 1,2 % respecto ao trimestre anterior; rexistra un incremento tamén, neste caso do 17,2 %, respecto ao mesmo trimestre de 2023. O número de mozos e mozas asalariadas con contrato temporal diminúe un 13,9 % respecto ao trimestre pasado, e rexistra unha diminución do 18,4 % respecto ao primeiro trimestre de 2023.

A taxa de temporalidade para o colectivo dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos sitúase no 31,7 %.

### Poboación asalariada de 16 a 29 anos segundo a duración do contrato. Galicia. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas, tanto por cento

	Dato do trimestre actual	Variación absoluta respecto ao trimestre pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao trimestre pasado (tanto por cento)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de persoas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (tanto por cento)
Total	113,7	-4,9	-4,1	3,2	2,9
De duración indefinida	77,8	0,9	1,2	11,4	17,2
Temporal	36,0	-5,8	-13,9	-8,1	-18,4

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

## Grandes concellos

Se comparamos os datos dos sete grandes concellos galegos (aqueles que superan os 50.000 habitantes), observamos que Lugo e Ourense son os que presentaron as maiores taxas de ocupación (54,7 % e 52,4 % respectivamente) no primeiro trimestre de 2024. Ferrol é o concello coa menor taxa de ocupación (37,5 %). No referido ás taxas de paro, este trimestre Santiago de Compostela é o concello de entre os sete grandes con menor valor (7,4 %) e Ferrol o que presenta a taxa de paro máis elevada (18,1 %).

### Poboación segundo a relación coa actividade económica. Grandes concellos galegos. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Miles de persoas

	Total	Activos	Poboación ocupada	Poboación parada	Poboación inactiva
A Coruña	213,4	118,8	108,3	10,5	94,6
Lugo	89,7	53,6	49,0	4,6	36,1
Ourense	91,4	52,4	47,9	4,5	39,0
Pontevedra	73,8	41,4	34,2	7,2	32,4
Santiago de Compostela	89,3	49,4	45,8	3,6	39,9
Vigo	259,1	148,6	129,3	19,3	110,5
Ferrol	54,7	25,1	20,5	4,5	29,6

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Nota: os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con cautela porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe.

### Taxas de actividade, ocupación e paro. Grandes concellos galegos. Primeiro trimestre de 2024

Unidade: Tanto por cento

	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
A Coruña	55,7	50,7	8,9
Lugo	59,8	54,7	8,5
Ourense	57,3	52,4	8,6
Pontevedra	56,0	46,3	17,4
Santiago de Compostela	55,3	51,3	7,4
Vigo	57,4	49,9	13,0
Ferrol	45,8	37,5	18,1

Fonte: INE-IGE. Enquisa de poboación activa ([descarga da táboa](#))

Nota: os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con cautela porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe.

## Definicións, fontes e máis información

### Definicións

- Definicións

### Descarga de datos

- Poboación de 16 e máis anos por sexo, grupos de idade e relación coa actividade económica. Galicia
- Taxas de actividade, ocupación e paro por sexo. Galicia e provincias
- Poboación activa por sexo e grupos de idade. Galicia e provincias
- Poboación ocupada por sexo, grupos de idade e sector económico (CNAE 2009). Galicia
- Poboación asalariada por tipo de contrato ou relación laboral, sexo e grupos de idade. Galicia e provincias
- Poboación parada por sexo e grupos de idade. Galicia e provincias
- Fogares por tipoloxía de actividade. Galicia e provincias
- Taxas de actividade, ocupación e paro para a poboación de 16 a 29 anos por sexo. Galicia e provincias
- Poboación entre 16 e 29 anos por sexo e relación coa actividade económica. Galicia e provincias
- Poboación ocupada entre 16 e 29 anos por tipo de xornada e sexo. Galicia e provincias
- Poboación asalariada entre 16 e 29 anos por sexo, grupos de idade e tipo de contrato ou relación laboral. Galicia e provincias
- Poboación de 16 e máis anos dos sete grandes concellos de Galicia por sexo e relación coa actividade económica
- Taxas de actividade, ocupación e paro para a poboación de 16 e máis anos dos sete grandes concellos de Galicia

### Fontes de información

INE-IGE. Enquisa de poboación activa (EPA)